

Recomendacións de Boas Prácticas para o estudantado da FETS con respecto ao uso da IA

Para un uso proveitoso e responsable, suxírese ter en conta as seguintes recomendacións:

1. *Transparencia e trazabilidade*: Declara o uso da IA e conserva evidencias (*prompts* e saídas) que expliquen a súa intervención. Debes ser capaz de distinguir claramente que parte é autoría humana e que parte é xerada.
2. *Pensamento crítico e fact-checking*: Contrasta sempre os resultados con fontes científicas para detectar posibles “alucinacións” ou sesgos (de xénero, raciais ou culturais) derivados dos datos cos que foi adestrada a ferramenta. A IA non ofrece verdades obxectivas, senón borradores que requiren a túa validación.
3. *Protección de datos e confidencialidade*: Nunca introduzas datos persoais, expedientes ou información institucional sensible en ferramentas públicas. O respecto á privacidade é un dereito fundamental.
4. *Elección xustificada*: Recoméndase o uso de ferramentas corporativas (por exemplo, Microsoft Copilot), xa que garanten un entorno máis seguro para os datos e a propiedade intelectual.
5. *Axencia humana e autoeficacia*: Emprega a IA como un “copiloto”. Non delegues o teu razoamento nin a túa escrita. A tecnoloxía debe potenciar as túas capacidades, non substituílas para non crear dependencia cognitiva.
6. *Sostibilidade*: Sé selectivo/a e eficiente. Cada consulta á IA supón un alto custo enerxético e ambiental. Utilízaa con conciencia ecolóxica.
7. *Responsabilidade profesional*: O esforzo académico é insubstituíble para a túa competencia futura. O profesorado poderá requirir evidencias do proceso formativo.